



Non hai rival pequeno

Vitoria por 3-1 do conxunto de afeccionados na tarde do domingo en Prados Vellos fronte o Rosalía de Vilaboa, conxunto que conseguiu irse ó remate do primeiro tempo con vantaxe no marcador de 0 - 1.

Antes do comezo do encontro gardouse un respetuoso minuto de silencio en memoria de D. Manuel Candocia; presidente da UD Somozas falecido o pasado fin de semana.

Prados Vellos, 26/01/2014

### **Aliñacións:**

**Numancia:** Carlos (Cristian), Amenedo (Alex García), Antón, Alberto, Pepe, Teti (C), Manu, Julio, Javi, Alex Pita (Chapu) e Fernando (Marcelo).

*Adestrador:* Marcos Amor Roel.

*2º Adestrador:* Manuel A. Cartelle Permuy.

*Delegado:* José Antonio Couce Iglesias.

**Rosalía:** Bruno, David, Alan, Adri, Mesi, Carlos (C), Juanmy (Ivi), Samuel, Dani (Esteban),

Miguel (Rubi) e Kon (Alberto).

*Adestrador:* José Carlos Teijeiro Freire.

*Delegado:* José A. Castro Casal.

**Árbitro:** D. Martin Zakaryan, amosou cartóns amarelos para os locais Manu, Julio e Javi e para os visitantes Dani, Adri, Samuel, Carlos e David. Amosou tamén cartón vermello ó adestrador visitante.

**Goles:** Javi, Alex Pita e Julio para o Numancia. Miguel para o Rosalía.

0-1: (16') **Miguel**. Falta no frontal da área local lixeiramente escorada a dereita. Miguel lanza por fora da barreira e o balón entra o rente do pau dereito.

1-1: (71') **Javi**. Falta no frontal da área visitante. Javi dispara contra a barreira e o rexeite o aproveita el mesmo para poñer o balón no pau dereito da meta de Bruno acadando o empate.

2-1: (80') **Alex Pita**. Asistencia de Javi a Alex Pita dende medio campo e adiantándose a defensa con rapidez eleva o balón por encima da saída de Bruno.

3-1: (88') **Julio**. Xogada de Javi pola esquerda con chegada a liña de fondo o centro ó pico da área pequena e rematado por Julio preto do pau dereito da meta rival.

